

D.3. ANÁLISE DA CAPACIDADE MUNICIPAL PARA O FINANCIAMENTO DO PLAN

D.3.1. Evolución do orzamento municipal

O marco xurídico básico que desenvolve o principio constitucional referido á suficiencia de medios económicos das Facendas Locais -recoñecido no artigo 142 da Constitución Española-, vén constituído pola “Ley Reguladora de las Bases del Régimen Local (Ley 7/1985, de 2 de abril)” que no seu artigo 105.1 establece que se dotará ás Facendas Locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das Entidades Locais.

A citada norma legal é o marco de referencia da potestade tributaria das Facendas Locais, base do actual sistema financeiro municipal, e que se fundamenta no dobre principio de autonomía e capacidade financeira dos Concellos.

Pola súa parte é a lexislación específica, constituída basicamente pola Lei 39/88 de 28 de decembro, a que establece a estrutura fiscal e articula, en xeral, o marco de referencia do resto de ingresos que compoñen as Facendas Locais

A estrutura fiscal que se desprende da lexislación comprende, na actualidade, tres impostos municipais de carácter obrigatorio: o Imposto sobre Bens Inmóveis, o Imposto sobre Actividades Económicas, e o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica. Adicionalmente introduce dous impostos de carácter voluntario: o Imposto sobre Incremento do Valor dos Terreos de natureza urbana e o Imposto sobre Construción, Instalacións e Obras.

Tal e como resulta da modificación introducida na Lei 39/88 de 28 de decembro pola Lei 25/1998 de 13 de xullo, a fiscalidade propia municipal complétase con:

- a) As taxas de aplicación pola utilización privativa ou o aproveitamento especial dos bens de dominio público local e as percibidas como contraprestación polos servizos ou actividades municipais de recepción non voluntaria e, que ademais non se realicen ou presten polo sector privado.
- b) Os prezos públicos polas actividades e prestacións de servizos de competencia local cando se presten polo sector privado ou sexan de recepción voluntaria para o interesado.
- c) As contribucións especiais como consecuencia da realización de obras públicas ou establecemento e ampliación de servizos públicos de carácter local.

Nos aspectos orzamentarios, a Lei 39/88 de 28 de decembro é desenvolvida posteriormente no Real Decreto 500/1990 de 20 de abril que a confirma a modo de Regulamento Orzamentario e que aproxima o réxime orzamentario local aos principios da Lei Xeral Orzamentaria, sendo este regulamento o que enmarca a presentación dos estados de liquidación representativos da execución de ingresos e gastos.

Polo que respecta aos aspectos de endebedamento é a propia Lei 39/88 a que recoñece o recurso ao crédito como fonte de financiamento dos orzamentos municipais. Debendo referirnos, así mesmo, ás modificacións lexislativas recentes con incidencia directa no regulamento desta fonte de ingresos, entre outras, as derivadas da Lei 50/98 de 30 de decembro, Lei 55/99 de 29 de decembro, Lei 14/2000 de 29 de decembro e 18/2001 de 12 de decembro (Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria) e a Lei Orgánica 5/2001 de 13 de decembro complementaria da mesma, que introducen novos criterios normativos sobre o límite por riba do cal a utilización do crédito como fonte de financiamento a curto e longo prazo require autorización explícita dos órganos competentes en materia de tutela financeira, así como criterios de control e seguimento na utilización deste recurso como fonte de ingresos dos orzamentos locais, todo isto no marco dos obxectivos de equilibrio ou superávit dos orzamentos públicos derivados do Pacto de Estabilidade e Crecemento acordado no Consello de Amsterdam polos Estados Membros da Unión Europea.

A análise da evolución recente da facenda municipal haberá de clarificar a estrutura de ingresos-gastos e a situación financeira do Concello, permitindo coñecer a súa problemática económico-financeira de cara á súa intervención no financiamento do Plan Xeral.

Para os efectos de describir a evolución orzamentaria recente do Concello de Teo analizáronse os orzamentos liquidados entre 1998 a 2003. Nos correspondentes estados de ingresos e gastos consideráronse os ingresos e os

gastos comprometidos do exercicio, é dicir, non só se recolleron os ingresos recadados e os gastos satisfeitos, senón que se consideraron a totalidade dos dereitos e obrigas recoñecidos e liquidados; por outra parte, excluíronse os pendentes de cobro e pago de orzamentos pechados aos efectos de singularizar a actividade económica que corresponde a cada un dos exercicios.

Cadro nº 9 . Evolución do Orzamento Municipal de Teo - Período 1998-2003

	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Ingresos (miles de euros)	4.313,61	6.239,36	4.675,26	4.880,50	5.610,92	6.186,31
Gastos euros (miles de euros)	4.511,42	5.302,07	5.373,87	4.888,62	5.834,22	5.410,60
Ingresos(miles de euros 2005)	5.292,80	7.549,62	5.493,43	5.519,85	6.177,62	6.551,30
índice de crecemento	100,00	142,64	103,79	104,90	116,72	123,78
Gastos (miles de euros 2005)	5.535,51	6.415,50	6.314,30	5.529,03	6.423,48	5.729,83
índice de crecemento	100	115,90	114,07	99,88	116,04	103,51

Fte.: Orzamentos municipais liquidados. Elaboración propia.

Da análise dos Orzamentos Municipais de Teo ao longo do período 1998-2003 conclúese un crecemento dos mesmos en termos cuantitativos. O orzamento de Ingresos de 2003 liquidase cuns dereitos recoñecidos superiores aos correspondentes aos presupostos de 1998, cun crecemento do 23,78%.

Tendo en conta a variabilidade dos ingresos extraordinarios que incide directamente na evolución dos orzamentos nos períodos analizados, para asentar un criterio sobre a evolución tendencial da facenda municipal, deberemos fixarnos máis na evolución dos seus recursos ordinarios e dos seus gastos de carácter corrente.

Cadro nº 10. Evolución de Ingresos e Gastos Correntes 1998-2003 (Miles de euros)

	1998	1999	2000	2001	2002	2003
INGRESOS CORRENTES	3.348,52	4.282,94	3.657,97	3.920,32	4.315,31	5.211,61
GASTOS CORRENTES	2.915,64	3.733,84	3.638,25	3.986,82	4.354,61	4.246,28
Ingresos correntes (miles de euros 2005)	4.108,63	5.182,36	4.298,11	4.433,88	4.751,16	5.519,09
índice de crecemento	100,00	126,13	104,61	107,92	115,64	134,33
Gastos correntes (miles de euros 2005)	3.577,49	4.517,95	4.274,94	4.509,09	4.794,42	4.496,81
índice de crecemento	100,00	126,29	119,50	126,00	134,02	125,70

Fte.: Orzamentos Municipais liquidados. Elaboración propia.

Cadro nº 11. Taxas de Crecemento do Orzamento de Teo: 1998-2003. (Euros 2005)

TOTAL ORZAMENTO INGRESOS		TOTAL ORZAMENTO GASTOS	
Taxa incremento anual medio (en %)	4,75%	Taxa incremento anual medio (en %)	0,70%
Taxa incremento anual acumulativo (en %)	4,36%	Taxa incremento anual acumulativo (en %)	0,70%

INGRESOS CORRENTES		GASTOS CORRENTES	
Taxa incremento anual medio (en %)	6,87%	Taxa incremento anual medio (en %)	5,14%
Taxa incremento anual acumulativo (en %)	6,08%	Taxa incremento anual acumulativo (en %)	4,68%

Fte.: Orzamentos Municipais liquidados. Elaboración propia.

A análise da evolución dos ingresos correntes, en termos constantes, amosa un incremento anual dos mesmos coa única excepción do ano 2000 que corrixe o extraordinario crecemento do ano 1999 retornando despois a unha senda estable de crecemento, de tal xeito que os ingresos correntes se sitúan no final do período nun 34,33% por riba dos ingresos correntes do ano 1998.

O incremento dos ingresos correntes producido neste período ten a súa base no incremento das transferencias correntes. Neste sentido, a evolución da estrutura que configura os ingresos correntes nos últimos exercicios é a seguinte:

Cadro nº 12. Estrutura dos Ingresos Ordinarios do Orzamento Municipal de Teo 1998-2003
(Miles de euros)

	1998	1999	2000	2001	2002	2003
IMPOSTOS LOCAIS						
Directos	1.318,84	1.414,69	1.231,23	1.339,17	1.587,56	1.917,39
Indirectos	539,93	983,23	514,66	463,31	433,54	348,37
TOTAL IMPOSTOS	1.858,77	2.397,92	1.745,89	1.802,48	2.021,10	2.265,76
TAXAS E OUTROS	263,54	288,86	362,96	408,68	370,99	305,93
TRANSFERENCIAS CORRENTES						
Transferencias do Estado	1.208,34	1.589,99	1.540,04	1.695,63	1.912,92	2.140,37
Outras Transferencias	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	495,34
TOTAL TRANSFERENCIAS	1.218,34	1.589,99	1.540,04	1.695,63	1.912,92	2.635,71
INGRESOS PATRIMONIAIS	7,87	6,17	9,08	13,53	10,30	4,21
TOTAL INGRESOS CORRENTES	3.348,52	4.282,94	3.657,97	3.920,32	4.315,31	5.211,61

Fte.: Orzamentos Municipais liquidados. Elaboración propia.

Os impostos indirectos amosan un significativo descenso na súa participación nos ingresos correntes ao longo do período, chegando a supoñer un máximo de 22,96% no exercicio 1999, e un mínimo do 6,68% no ano 2003.

Pola súa banda, os impostos directos non incrementan a súa porcentaxe de participación no global dos ingresos ordinarios. Nos exercicios estudados no cadro Nº 12, constitúen ao redor de 1/3 dos ingresos de carácter corrente, cunha porcentaxe máxima do 39,39% no exercicio de 1998 e unha mínima de 33,06% en 1999. No último exercicio analizado supón o 36,79% dos ingresos correntes.

Pola contra, a evolución das transferencias correntes amosa un aumento continuo, pasando de supoñer o 36,38% en 1998 ao 50,57% en 2003.

Os dereitos liquidados polos conceptos de taxas e outros ingresos tales como prezos públicos e outros ingresos de carácter eventual manténdose en termos absolutos a valores constantes, diminúen a súa participación no total de ingresos correntes representando no exercicio 1998 o 7,87% do total de ingresos correntes do orzamento fronte a un 5,9% que representaban no exercicio final do sexenio, 2003, se ben en exercicios anteriores acadáronse porcentaxes superiores (9,9% dos ingresos correntes en 2000, e ata 10,4% en 2001).

Cadro nº 13. Estructura dos Gastos Ordinarios do Orzamento Municipal de Teo. 1998-2003 (Miles de euros)

	1998	1999	2000	2001	2002	2003
I. GASTOS DE ADMINISTRACIÓN E TRANSFERENCIAS						
Persoal	796,09	1.500,99	721,72	755,29	826,56	1.044,67
Transferencias	341,55	237,10	372,04	314,60	335,28	136,57
TOTAL I	1.137,64	1.738,09	1.093,76	1.069,89	1.161,84	1.181,24
II. GASTOS MANTEMENTO						
Compras , bens e Servizos	1.761,03	1.979,96	2.529,62	2.903,52	3.183,36	3.064,90
TOTAL II	1.761,03	1.979,96	2.529,62	2.903,52	3.183,36	3.064,90
III. GASTOS ENDEBEDAMENTO						
Intereses	5,12	3,94	3,02	1,56	0,52	0,14
Amortización	11,85	11,85	11,85	11,85	8,89	0,00
TOTAL III	16,97	15,79	14,87	13,41	9,41	0,14
TOTAL GASTO CORRENTE	2.915,64	3.733,84	3.638,25	3.986,82	4.354,61	4.246,28

Fte.: Orzamentos Municipais liquidados. Elaboración propia.

Pola súa parte o ritmo de crecemento dos gastos correntes amosa unha taxa de crecemento en porcentaxe inferior á que se desprende dos ingresos de carácter corrente; 25,70% no caso dos gastos e 34,33% no caso dos ingresos correntes (en euros 2005), o que se manifesta no aforro bruto en termos homoxéneos no período. A evolución do gasto presenta oscilacións cun valor máximo no ano 2002.

Cadro nº 14. Evolución do Aforro Orzamental 1998-2003 (Miles de euros)

	1998	1999	2000	2001	2002	2003	TOTAL	MEDIA ANUAL
INGRESOS ORDINARIOS	3.348,52	4.282,94	3.657,97	3.920,32	4.315,31	5.211,61		
GASTOS ORDINARIOS	2.915,64	3.733,84	3.638,25	3.986,82	4.354,61	4.246,28		
INGRESOS ORDINARIOS (euros 2005)	4.108,63	5.182,36	4.298,11	4.433,88	4.751,16	5.519,09	28.293,23	4.715,54
GASTOS CORRENTES ORDINARIOS (euros 2005)	3.577,49	4.517,95	4.274,94	4.509,09	4.794,42	4.496,81	26.170,70	4.361,78
AFORRO NETO ORZAMENTAL	432,88	549,10	19,72	-66,50	-39,3	965,33		
AFORRO NETO ORZAMENTAL (euros 2005)	531,14	664,41	23,17	-75,21	-43,26	1.022,28	2.122,53	353,76
AFORRO NETO / INGRESOS ORDINARIOS (%)	12,93	12,82	0,54	-1,67	-0,90	18,52		7,04

Fte.: Orzamentos Municipais liquidados. Elaboración propia.

O diferencial ingresos-gastos correntes, que expresa o aforro en termos económicos que permite financiar orzamentariamente o novo investimento, presenta un saldo medio positivo, aínda contando co saldo negativo nos anos 2001 e 2002. O aforro sufriu unha caída a partir do 2000, ata acadar os saldos negativos comentados. No ano 2002 apúntase unha leve recuperación, sen obter aínda un saldo positivo. No 2003 evidénciase unha forte recuperación.

En resumo, o comportamento do aforro corrente no período acada un total de 2.237,18 miles de euros, téndose en conta a extrema variabilidade dos resultados anuais.

A carga financeira que soporta o último orzamento obxecto de estudo (exercicio 2003) supón un escaso 0,003% dos ingresos correntes do mesmo, resultado dunha redución continuada desde o inicio do período, momento no que chegou a supoñer o 0,51% dos ingresos correntes.

Os gastos ordinarios sufriron un crecemento significativo nos anos 1999, 2001 e 2002, moderándose no último exercicio.

O crecemento dos ingresos correntes para o conxunto do período 1998-2003, reflicte unha taxa de crecemento anual acumulativo do 6,08% en euros constantes.

O crecemento en termos reais dos ingresos municipais permitiu mellorar no período analizado a razón de ingresos por habitante de dereito (en euros 2005), desde 309,0 euros orzamentais/hab e 294,3 euros de ingresos ordinarios/hab, ambos en 1998, ata os 385,97 euros orzamentais e 325,16 euros de ingresos ordinarios ámbolos dous por habitante en 2003. Atendendo aos ingresos ordinarios por habitante, estes medran en termos reais nun 10,5% no sexenio 98-03, a razón de 6,17 euros por habitante e ano.

O Concello dispón na actualidade dun Plan de Saneamento (2005-2007) aprobado polo Pleno Municipal aos efectos de posibilitar a absorción do remanente negativo.

O Plan de Saneamento propónse tres obxectivos: a contención do gasto, a mellora da xestión municipal (incluída a adecuación de ordenanzas fiscais), e o financiamento da débeda mediante créditos. A débeda comprende gastos de investimento (1.141,91 miles de euros) e gastos correntes (664,21 miles de euros). O Plan prevé a seguinte evolución orzamentaria:

PROYECCIÓN ESTIMADA. EUROS CORRENTES

INGRESOS	2005	2006	2007
Operacións Correntes	5.776.000,00	6.255.000,00	6.810.000,00
Operacións de Capital	1.856.000,00	1.190.000,00	920.000,00
Orzamento Total	7.632.000,00	7.445.000,00	7.730.000,00

GASTOS	2005	2006	2007
Operacións Correntes	5.320.000,00	5.450.000,00	5.590.000,00
Operacións de Capital	2.312.000,00	1.995.000,00	2.140.000,00
Orzamento Total	7.632.000,00	7.445.000,00	7.730.000,00

CARGA FINANCIERA	2005	2006	2007
Intereses	150.000,00	180.000,00	180.000,00
Amortización	300.000,00	350.000,00	360.000,00
Carga Financeira	450.000,00	530.000,00	540.000,00

Fte.: Plan de Saneamento Municipal. Concello de Teo.

D.3.2. Fontes principais de recursos

Neste apartado analízanse os ingresos ordinarios do orzamento atendendo á clasificación dos mesmos en función do carácter das súas fontes:

1. Impostos locais autónomos e recargos.
2. Taxas.
3. Participación en tributos estatais e das Comunidades Autónomas.

A estas fontes hai que engadir outros ingresos de menor contía de orixe patrimonial.

As fontes de recursos e as características da imposición local dependen de forma directa da lexislación estatal sobre Facendas Locais, que fixa as figuras tributarias e os seus elementos principais. Os importantes cambios de índole lexislativa sobre estas materias a partir da Lei 7/85 de 2 de abril e posteriormente a Lei 39/88 de Facendas Locais, coas sucesivas modificacións introducidas á mesma ata a recente efectuada no exercicio 2002 (Lei 51/2002 de 27 de decembro), tenderon a facer depender o reforzamento das Facendas Locais do aumento da fiscalidade autónoma municipal, abrindo posibilidades ao desenvolvemento dunha política fiscal municipal por vía da definición dos tipos impositivos e da crecente autonomía na definición dos beneficios fiscais, así como do autofinanciamento dos servizos públicos locais por medio das taxas correspondentes.

- Impostos Locais

Os impostos locais son a primeira fonte de recursos.

A imposición local a penas medrou no conxunto do período 1998-2003 en termos reais, diminuindo a súa participación no total dos ingresos correntes, pasando do 55,51% no exercicio 1998 ao 43,48% no exercicio 2003, froito da diminución da Imposición indirecta dentro da tónica de variabilidade da imposición directa que non chegou a ser compensada polo crecemento da imposición directa.

No cadro seguinte reflíctese a evolución dos impostos no período:

Cadro Nº 15. Evolución dos Impostos Locais. Período 1998-2003 (Miles de euros)

	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Impostos Directos sobre o capital	1.126,51	1.204,33	1.013,50	1.119,18	1.308,61	1.650,52
Impostos Directos sobre a Act. Económicas	192,33	210,14	217,73	219,99	278,95	266,87
TOTAL IMPOSTOS DIRECTOS	1.318,84	1.414,69	1.231,23	1.339,17	1.587,56	1.917,39
Impostos Indirectos	539,93	983,23	514,66	463,31	433,54	348,37
TOTAL IMPOSTOS LOCAIS	1.858,77	2.397,92	1.745,89	1.802,48	2.021,10	2.265,76

Fte.: Orzamentos liquidados. Elaboración propia.

- Transferencias correntes do Estado

En conxunto, a porcentaxe que supón os dereitos liquidados por Transferencias correntes sobre o total de ingresos ordinarios municipais oscilou entre o 36,38% do ano 1998 e o 50,57% do ano 2003 cunha tendencia ao aumento continuo ao longo do período.

O total de ingresos por transferencias correntes do Estado supón o 99,8% do total de transferencias correntes de cada exercicio.

As transferencias correntes do Estado evolucionan para o conxunto do período en porcentaxes inferiores ás do conxunto do orzamento de gastos correntes, tendendo non obstante a aumentar a súa porcentaxe de participación nos ingresos correntes.

- Ingresos patrimoniais

Os Ingresos patrimoniais representan unha pequena cantidade dos ingresos totais (0,21%). Ábrese aquí un campo para o impulso desta fonte de ingresos atendendo á expansión do Patrimonio Municipal que deriva do propio proceso de xestión urbanística.

- Taxas e outros Ingresos

En termos relativos este apartado vai diminuindo o seu peso no conxunto dos ingresos, pasando do 7,87% ao 5,90% no último exercicio, sendo o 2001 o exercicio no que acadara unha participación maior (10,4%).

En resumo, a evolución dos ingresos por operacións correntes amosa unha estrutura de ingresos na que a imposición local mantén un peso específico en torno ao 50% do total, supoñendo un aumento porcentual con respecto ao inicio do período; as Transferencias correntes amosan un incremento do peso relativo no total situándose por riba do 40%; e as taxas e os outros ingresos non tributarios aumentan a súa porcentaxe global de participación nos mesmos dende o exercicio 1998 chegando a supoñer o 8,12% do total.

D.3.3. Estrutura do gasto ordinario

Os gastos ordinarios municipais clasifícanse a efectos do estudo en tres grandes apartados:

Gastos de persoal e transferencias.

Gastos de mantemento.

Gastos da débeda.

Intégranse nos gastos da débeda a amortización dos créditos a medio e longo prazo por canto constitúen unha obriga comprometida aos efectos de permitir un mellor reflexo da capacidade financeira.

- Gastos de persoal e transferencias

Os gastos de persoal, foron reducindo a súa participación no conxunto dos gastos ordinarios, xa que no derradeiro exercicio supoñen o 27,82% do total do gasto corrente fronte ao 39,02% do exercicio 1998.

A tendencia destes gastos mantén en todo caso unha liña equilibrada cun lixeiro crecemento (en torno ao 13%) ao longo do período analizado, salvo o exceso singular detectado no exercicio 1999, no que excepcionalmente chegou a representar un 46,55% do gasto corrente.

- Gastos de mantemento

O apartado de gastos de mantemento, que reflicte o custo das operacións de mantemento, conservación, reparacións e material das instalacións e servizos municipais, representan no período unha porcentaxe crecente do total do gasto ordinario, que evolucionou nun abano que vai dende o 60,4% de 1998 ata o 72,18% do 2003, se ben amosa unha tendencia á estabilización nos últimos anos.

Da contención desta compoñente do gasto por debaixo da taxa de crecemento dos ingresos dependerán as posibilidades orzamentarias de abordar os custos dos novos investimentos públicos que o Plan Xeral deberá propiciar, máxime tendo en conta o crecemento a medio prazo deste tipo de gastos que comporta o propio desenvolvemento urbanístico. Noutro apartado analízase especificamente a evolución do aforro municipal no período.

- Gastos da débeda

Os gastos da débeda, están compostos polo pago de intereses e a amortización dos créditos que o Concello ten contraídos a medio e longo prazo.

A participación destes gastos no total dos ordinarios tivo escasa significación no conxunto do gasto corrente, e foise reducindo continuamente ao longo do período. No exercicio 2003 a carga financeira representa o 0,003% do conxunto do gasto ordinario. No exercicio do 1998 acadou o 0,58% do gasto ordinario (0,51% dos ingresos correntes), a maior participación detectada no período.

Cadro Nº 16. Evolución Gastos Derivados Endebemento 1998-2003. (Miles de euros)

	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Intereses	5,12	3,94	3,02	1,56	0,52	0,14
Amortización	11,85	11,85	11,85	11,85	8,89	0,00
Carga financeira	16,97	15,79	14,87	13,41	9,41	0,14
Carga financeira /ingresos correntes %	0,51	0,37	0,41	0,34	0,22	0,003

Fte.: Orzamentos Municipais Liquidados. Elaboración propia.

D.3.4. Os ingresos ordinarios e os gastos correntes. O aforro

A diferenca entre os ingresos ordinarios constituídos polos capítulos 1 a 5, ambos inclusive, excluídas as contribucións especiais, e os gastos correntes (comprendidos nos capítulos 1, 2 e 4) permítenos apreciar a capacidade de aforro bruto susceptible de ser canalizado cara ao financiamento do investimento, ben directamente, ben recorrendo ao crédito a medio e longo prazo. O coñecemento da evolución deste parámetro aproxímanos, en consecuencia, á capacidade municipal para abordar investimento directo ou o gasto da débeda que o financia.

A análise está feita a partir da información que se desprende dos estados de execución dos exercicios na análise que realizamos.

Ó longo de todo o período mantívose un saldo ingresos-gastos correntes que non foi estable, presentando a serie analizada un aforro negativo nos exercicios 2001 e 2002. A capacidade de aforro neto municipal tense movido en taxas variables, con tres momentos ben diferentes: antes do exercicio 2000, o aforro era positivo e superior aos 531 miles de euros 2005 (1998). Despois do 2000, o aforro é negativo (-75 miles de euros no 2001 e -43 miles de euros no 2002). O salto prodúcese entre os anos 1999 e 2000, cun aforro aínda positivo pero no que se perderon 12 puntos respecto ao ano anterior. No ano 2003 vólvese a recuperar o aforro cun saldo positivo e importante cuantitativamente (1.022,80 miles de euros).

En conxunto, o período analizado aporta un aforro neto de 2.122.530 €, cun aforro medio anual de 353.760 € de 2005.

D.4. O INVESTIMENTO MUNICIPAL

No cadro seguinte, preséntase a análise do total do investimento executado no período 1998-2003, así como os resultados seriados da evolución orzamentaria do investimento no mesmo período, expresados en euros para facer posible a súa comparación.

O monto total do investimento orzamentario municipal ten ascendido á cantidade de 7.068,38 miles de euros 2005 en seis anos, o que equivale a un investimento medio anual de 1.178,06 miles de euros.

Cadro nº 17. Total Investimento. Período 98-2003. (Miles de euros 2005)

INVESTIMENTO TOTAL	7.068,38
INVESTIMENTO MEDIO ANUAL	1.178,06

Fte.: Orzamentos Municipais Liquidados. Elaboración propia.

Para analizar o destino do investimento directo municipal ao longo do período 1998-2003 clasificáronse as anotacións contables dos Orzamentos anuais, atendendo ás características do concepto, agrupándoas nos epígrafes significativos que se recollen no cadro nº 18.

Cadro nº 18. Investimento Directo Segundo Destino en Orzamento. Período 1998-2003. (Miles de euros)

	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Investimento en Infraestrutura e bens	1.251,60	1.051,08	1.233,29	669,50	975,60	915,66
Investimento en servizos	344,18	517,14	502,33	236,30	501,01	248,65
Investimentos inmateriais	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	1.595,78	1.568,22	1.735,62	901,80	1.479,61	1.164,31

Fte.: Orzamentos Municipais Liquidados. Elaboración propia.

No período 1998-2003, o investimento municipal concentrouse maioritariamente en investimentos urbanísticos. Ocupa o primeiro lugar o investimento en Infraestruturas, representando o 56,44% do investimento directo total.

O 43,56% restante tivo por destino a implantación e mellora dos diferentes servizos e dotacións municipais.

Cadro nº 19. Fontes de Financiamento. Período 1998-2003. (Miles de euros)

	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Alleamento de investimento	0,00	330,08	3,08	0,00	0,00	48,74
Transferencias de capital	965,08	1.626,15	1.014,21	960,19	1.295,62	925,97
Préstamo	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Contribucións especiais	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	965,08	1.956,23	1.017,29	960,19	1.295,62	974,71

Fte.: Orzamentos Municipais Liquidados. Elaboración propia.

Cadro nº 20. Orixe das Transferencias con destino Investimento. Período 1998-2003. (Miles de euros)

	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Comunidade Autónoma	698,55	1.267,17	614,41	810,40	659,43	270,53
Entidades Locais	265,04	251,69	399,35	149,79	635,28	649,43
Estado	1,49	0,98	0,45	0,00	0,17	0,60
Outras Transferencias	0,00	106,31	0,00	0,00	0,74	0,00
TOTAL	965,08	1.626,15	1.014,21	960,19	1.295,62	920,56

Fte.: Orzamentos Municipais Liquidados. Elaboración propia.